

RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA AO PROXECTO "XVIII XORNADAS TÉCNICAS DE DIFUSIÓN DO SECTOR PESQUEIRO", PRESENTADO POLA CONFRARÍA DE PESCADORES SANTIAGO APÓSTOLO DE CELEIRO

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo de Celeiro ten concedida unha axuda ao proxecto "XVIII Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro" por resolución da conselleira do Medio Rural e do Mar do 23 de agosto de 2013.
2. A Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo de Celeiro solicitou dentro do prazo establecido unha modificación da resolución de concesión da axuda para o citado proxecto. A modificación supón un cambio no cronograma de execución previsto inicialmente, pasando un concepto da anualidade 2013 a unha nova anualidade 2014.
3. A xunta directiva do Grupo de Acción Costeira 1 A Mariña – Ortegal aprobou por unanimidade na reunión do día 30 de setembro de 2013 elevar á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a proposta de modificación da resolución de concesión da axuda ao citado proxecto.
4. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro propuxo a modificación da resolución de concesión da axuda ao citado proxecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Regulamento (CE) Nº 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- Regulamento (CE) Nº 498/2007, da Comisión, do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo de Pesca, e o resto da normativa comunitaria de aplicación ás axudas.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 16 de marzo de 2011 (DOG núm. 57, do 22 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos

grupos de acción costeira (financiadas polo Fondo Europeo da Pesca), modificada pola Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG núm. 143, do 27 de xullo) e pola Orde do 16 de xullo de 2013 (DOG núm. 137, do 19 de xullo).

- Orde do 31 de xullo de 2013 (DOG núm. 147, do 2 de agosto. Corrección de erros no DOG núm. 156, do 19 de agosto) pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2013 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados por esta consellería aos grupos de acción costeira, convocadas pola Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento da súa concesión (con financiamento do Fondo Europeo da Pesca).
- Os convenios de colaboración asinados entre a Consellería do Mar e cada un dos Grupos de Acción Costeira.
- Orde do 30 de marzo de 2012 de delegación de competencias no secretario xeral técnico, secretarios xerais, e xefes territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar e no presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia.

A Consellería do Medio Rural e do Mar **RESOLVE** a modificación da resolución de concesión da axuda ao proxecto "XVIII Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro" nos seguintes termos:

DENOMINACION DO PROXECTO	XVIII Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro		CÓDIGO	GAC1-098
BENEFICIARIO	Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo de Celeiro		DNI/CIF	G27008820
IMPORTE TOTAL DO PROXECTO	29.388,00 €			
IMPORTE TOTAL SUBVENCIONABLE	29.388,00 €			
PORCENTAXE DA SUBVENCIÓN	70 %			
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA (en euros)	TOTAL (suma de 1+2)		20.571,60 €	
	1. FEP (75%)		15.428,70 €	
	2. FONDOS DO ESTADO E FONDOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (25%)		5.142,90 €	
PROXECTO PLURIANUAL (SI/NON).	Non	Nº DE ANUALIDADES:	2	
PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN 2013	5 de decembro de 2013			
PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN 2014	31 de marzo de 2014			

Conceptos subvencionables: